



Concello de Sarria

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DO CONCELLO DE SARRIA DESTINADAS AO FOMENTO E Á REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE CARÁCTER CULTURAL DURANTE O EXERCICIO DE 2016.

A concesión de subvencións é unha técnica de fomento de determinadas actuacións e actividades que se consideran de utilidade pública ou de interese social e que a través dun procedemento de concorrencia competitiva axustada aos principios de obxectividade, transparencia e publicidade permite desenvolver, a través de entidades públicas ou privadas, actividades que complementan as competencias propias que lle corresponderían ao Concello, como é neste caso a realización de actividades culturais.

A experiencia dos últimos anos nos que se aumentou o número de asociación e entidades que solicitaron axudas para a realización de proxectos de interese xeral e sectorial dos veciños de Sarria e os resultados acadados, fan procedente a convocatoria para o presente exercicio de 2016 de subvencións para a realización de proxectos e actividades de carácter cultural non só co obxecto de complementar a actividade propia do concello, senón como unha forma de impulsar a implantación no municipio de asociacións e entidades que, en definitiva, teñan como finalidade mellorar a calidade de vida dos cidadáns.

A concesión destas subvencións resolverase mediante concurso, atendendo á lexislación vixente na materia, e establecéndose para o efecto as seguintes BASES:

Artigo 1º.- Obxecto.

1. A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para fomentar as distintas actividades de carácter cultural que se realicen no municipio de Sarria durante o presente exercicio de 2016.

Son susceptibles, polo tanto, de obter a concesión de subvención, aquelas actividades de animación, promoción, acción social e desenvolvemento socio-cultural que permitan un efecto dinamizador, de entretemento, de conservación dos valores culturais, sociais e tradicionais, e que redunden directamente en beneficio da comunidade.

2. Quedan excluídos destes conceptos, e polo tanto non son subvencionables, os gastos en bens inventariables, as obras e reparacións de locais sociais e instalacións, e os gastos de actividades que consistan exclusivamente en comidas.

Artigo 2º.- Beneficiarios.

1. Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencións as asociacións, sociedades ou entidades legalmente constituídas e domiciliadas no municipio de Sarria, sen fin de lucro, que teñan como obxectivo dos seus proxectos os descritos no artigo 1º e por destinatarios os veciños de Sarria.

Concello de Sarria



Concello de Sarria

Tamén terán a consideración de beneficiarios as persoas ou agrupación de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou colectivos cidadáns que, mesmo carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos e finalidades sinalados como subvencionables, sempre que estean domiciliados no Concello de Sarria.

2. Non poderán obter a condición de beneficiarios das subvencións reguladas nesta convocatoria as persoas ou entidades en que conorra algunha das circunstancias sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 3º.- Crédito orzamentario e contía das subvencións.

1. As subvencións ás que se refire esta convocatoria faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria **334.489.00** do orzamento municipal vixente, e dotada cunha contía de **18.240,00 €**.

De conformidade co sinalado no artigo 2º da Ordenanza Xeral de Subvencións deste concello (B.O.P. nº 135, do 15 de xuño de 2005), a alcaldía-presidencia poderá aplicar ata un 15% do importe do crédito destinado a este programa para atender peticións que se poidan formular ao longo do exercicio orzamentario, que por circunstancias novas ou por causas imprevisibles ou excepcionais, non se puideran presentar dentro do prazo establecido nesta convocatoria. As citadas peticións conterán a documentación prevista nestas bases e se tramitarán seguindo procedemento establecido nas mesmas, con excepción do cumprimento do prazo de solicitude, circunstancia que deberá motivarse axeitadamente. En todo caso, acreditarase no expediente que o crédito da orzamentaria de aplicación é suficiente para atender as subvención propostas, sen perturbar o programa inicial previsto.

2. As subvencións que se concedan terán carácter voluntario e eventual. En calquera caso, o Concello de Sarria quedará exonerado de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

3. O importe das subvencións, en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas ou subvencións doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

4. As actividades subvencionadas poderán ser obxecto de subcontratación nos termos establecidos no artigo 29 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Concello de Sarria



Concello de Sarria

Artigo 4º.- Solicitudes e documentación.

1. O prazo para a presentación das solicitudes reguladas por estas bases será de 10 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por conduto da BDNS, anuncio que tamén se inserirá no taboleiro de edictos da casa do concello e na web municipal (www.sarria.es).

2. As solicitudes formularanse nos modelos oficiais que figuran como **anexos** da convocatoria e presentaranse no rexistro xeral do Concello de Sarria, en horario de 09:00 a 14:00 horas e en días hábiles, sendo en todo caso de aplicación o disposto no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas. Os impresos oficiais estarán a disposición dos interesados nas oficinas do concello e na web municipal.

3. Non será necesaria a presentación de todos aqueles documentos que consten en poder do Concello de Sarria, debendo indicar o solicitante, co obxecto da súa rápida localización, a unidade administrativa en que se atopan.

4. Xunto coas solicitudes deberanse presentar tódolos documentos que se xulguen necesarios para acreditar as circunstancias que se aleguen e, en todo caso, os seguintes:

a) Documentación a presentar polas asociacións e outras entidades con personalidade xurídica (anexo I-A):

- Certificación que acredite a inscrición da asociación no rexistro público correspondente.
- Memoria das actividades desenvoltas pola entidade no ano anterior.
- Fotocopia compulsada da tarxeta de identificación fiscal da entidade.
- Fotocopia compulsada do DNI do representante legal e documento que acredite a súa representación.
- Memoria xustificativa da necesidade da subvención que se solicita, que incluírá: proxecto concreto que se pretende realizar (ou o xa realizado) coa súa descrición; orzamento pormenorizado cos gastos e ingresos a realizar; subvención que se solicita; prazo de realización da actividade, con datas de inicio e remate (**Anexo I-A Bis**).
- Declaración de conxunto de tódalas solicitudes de axuda efectuadas ou concedidas, para a mesma actividade, das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais (**anexo II-A**).
- Declaración do representante legal da entidade de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (**anexo III-A**).

Concello de Sarria



Concello de Sarria

- Declaración responsable de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como de non ter débedas pendentes de pago coa administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como coa Facenda Municipal. (**anexo IV-A**)
- Certificación expedida polo Secretario da Asociación, co visto e prace do Presidente, na que se especifique o número actual de socios (**Anexo V-A**).
- Certificación expedida por unha entidade bancaria na que se sinale o nº de conta onde se transferirá o importe da subvención, no caso de concederse.

b) Documentación a presentar por persoas físicas ou por colectivos cidadáns (anexo I-B e anexo I-C respectivamente):

- Datos persoais do solicitante ou do representante do colectivo (nome e apelidos, NIF, domicilio, teléfono, etc).
- Fotocopia compulsada do NIF do solicitante.
- Memoria xustificativa da necesidade da subvención que se solicita, que incluírá: proxecto concreto que se pretende realizar (ou o xa realizado) coa súa descrición; orzamento pormenorizado cos gastos e ingresos a realizar; subvención que se solicita; prazo de realización da actividade, con datas de inicio e remate (**anexos I-B-Bis e I-C-Bis**).
- Declaración de conxunto de tódalas solicitudes de axuda efectuadas ou concedidas, para a mesma actividade, das distintas administracións públicas ou entes públicos públicos ou privados, nacionais ou internacionais (**anexos II-B e II-C**).
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. No caso de colectivos cidadáns, ademais, relación nominal, coa súa aceptación expresa, das persoas que integran o proxecto (**anexos III-B e V-C**).
- Declaración responsable de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como de non ter débedas pendentes de pago coa administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como coa Facenda Municipal. (**anexos IV-B e IV-C**)
- Certificación expedida por unha entidade bancaria na que se sinale o nº dunha conta aberta a nome do solicitante. No caso de colectivos cidadáns, a conta será mancomunada con tres titulares polo menos.

Artigo 5º.- Emenda de defectos da solicitude.

Se a solicitude de subvención non reúne os requisitos esixidos para a súa



Concello de Sarria

tramitación, o interesado será requirido para que, nun prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da recepción do dito requirimento, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 6º.- Instrución do procedemento.

1. O órgano competente para a instrución dos expedientes de solicitude de subvención aos que fai referencia estas bases será a alcaldía do Concello de Sarria. O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formalizarse a proposta de resolución.

O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe elaborado pola Comisión Avaliadora, formulará a proposta de resolución provisional. A proposta, que non terá carácter vinculante, expresará a relación de solicitantes para os que se propón a concesión ou denegación da subvención, e a súa contía, expresando os criterios de valoración seguidos para efectuala.

2. Cando na instrución do expediente se teñan en conta outros feitos, alegacións, informes ou probas distintos dos aducidos polos interesados, notificaráselle a estes a proposta de resolución provisional, concedéndolles un prazo de 10 días para que formulen as alegacións que estimen pertinentes. Á vista das alegacións presentadas, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario de conformidade co parágrafo anterior, a proposta de resolución provisional terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

Artigo 7.- Comisión Avaliadora.

1. A Comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

Presidenta: D^a Mónica López Rodríguez, concelleira delegada de Cultura, Igualdade, xuventude e Normalización lingüística do Concello de Sarria.

Vocais:

D^a María del Pilar López Yáñez, alcaldesa do Concello de Sarria.

D. Efrén Castro Caloto, concelleiro delegado de Medio Rural, Cemiterio, Participación Cidadá e Deportes.

Secretario: O secretario da corporación ou funcionario no que se delegue.

2. A Comisión avaliadora elevará a proposta de concesión á Xunta de

Concello de Sarria



Concello de Sarria

Goberno Local a través do órgano instrutor, na que se concretará individualizadamente para cada beneficiario o resultado da avaliación realizada.

Artigo 8.- Resolución.

1. O órgano competente para a concesión ou denegación das subvencións é a Xunta de Goberno Local do Concello de Sarria, de conformidade co disposto no Decreto de delegación de atribucións ditado pola alcaldía co nº 463/15, de data oito de xullo de 2015. O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte.

As subvencións concedidas ou denegadas notificaranse individualmente e publicaranse no taboleiro de anuncios do concello.

2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de tres meses, contados a partir do día seguinte ao da finalización do prazo establecido para a presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada.

A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo de Lugo.

Artigo 9º.- Criterios de valoración.

Os criterios que se terán en conta para a concesión das axudas serán os seguintes:

1. Representatividade da entidade peticionaria no Concello, atendendo ao número de actividades desenvolvidas durante o ano, illadamente ou de xeito conxunto con outras entidades: ata 20 puntos.

2.- Calidade e interese do proxecto desde o punto de vista cultural, artístico, social e innovador (valorarase a importancia cultural do proxecto; persoas beneficiarias do proxecto -número e colectivo concreto-, implicación doutros colectivos na xestión do proxecto e o alcance do mesmo): ata 30 puntos.

3.- Uso e difusión do galego (oral e escrito) na programación e na realización da actividade: ata 20 puntos.

4.- Desenvolvemento de accións que promovan o coñecemento da pluralidade cultural. Difusión dos valores culturais da comarca de Sarria: ata 15 puntos.

5.- Potenciación da participación da mocidade e dos maiores nas actividades culturais realizadas e/ou proxectadas: ata 10 puntos.

Concello de Sarria



Concello de Sarria

6.- Carácter periódico ou permanente da actividade proposta: ata 10 puntos.

7.- Colaboración coa programación das actividades culturais do concello de Sarria: ata 15 puntos.

8.- Gratuidade de actividades, cursos, xornadas, etc: ata 10 puntos.

A puntuación máxima, logo de ponderar cada un dos criterios de valoración sinalados no corpo deste artigo, será de 130 puntos.

Artigo 10º.- Obrigas dos beneficiarios.

Os beneficiarios das subvencións estarán obrigados a:

1. Aceptar a subvención. No caso de que os beneficiarios non comuniquen a este concello, no prazo máximo de quince días a partir da notificación da concesión, a súa renuncia, entenderase que a subvención foi aceptada.

2. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoitir o comportamento que fundamentou a concesión das subvencións.

3. Acreditar ante o Concello de Sarria a realización da actuación ou a adopción do comportamento, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión ou disfrute da subvención.

4. Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o Concello de Sarria, e ás de control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando canta información se lle requira no exercicio das actuacións anteriores.

5. Comunicar a este concello, tan pronto como se coñeza, a obtención doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública ou ente público ou privado, nacional ou internacional.

6. Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social. Dita acreditación poderá realizarse mediante declaración responsable. Non obstante, o Concello poderá requirir, se así o considera, a presentación dos documentos expedidos regulamentariamente polos organismos competentes.

7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.

8. Facer constar na publicidade e difusión que se xere, así como en todos aqueles soportes informativos e publicacións que se realicen, que a actividade foi subvencionada polo Concello de Sarria.

Artigo 11.- Xustificación das actividades e pagamento.

1. Unha vez finalizada a acción ou comportamento os beneficiarios das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e, en todo caso, presentar a pertinente



Concello de Sarria

xustificación e gastos con data límite o 31 de marzo de 2017. Logo de transcorrer o prazo sen ter presentada a documentación xustificativa, requirirase ao beneficiario para no prazo improrrogable de quince días sexa achegada. O incumprimento deste prazo adicional dará lugar á perda do dereito a percibir a axuda outorgada, así como as demais responsabilidades previstas na Lei Xeral de Subvención e demais normativa de aplicación.

2. Para a xustificación dos investimentos os beneficiarios deberán presentar no Concello de Sarria, a través dalgunha das formas recollidas no artigo 16 da xa citada Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a seguinte documentación acreditativa:

- a) Memoria e/ou xustificantes da execución da totalidade do proxecto subvencionado de conformidade co seu orzamento, con expresa mención ós resultados obtidos.
- b) Certificación expedida polo perceptor acreditativa de que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a axuda, de conformidade co proxecto presentado e subvencionado.
- c) Conta xustificativa dos gastos realizados, que cumprirá ós seguintes requisitos:

- Incluirá, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto o calquera outro documento con validez xurídica que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.
- Comprenderá unha declaración das actividades realizadas con cargo á subvención concedida e do seu custe, xunto coa desagregación de cada un dos gastos executados.

d) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do orzamento municipal e o R.D. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, que se presentarán en documento orixinal e fotocopias que serán dilixenciadas polo servizo responsable da subvención, devolvendo aqueles aos interesados coa maior brevidade posible. Nas facturas deixarase constancia de que foron utilizadas como xustificante da subvención percibida.

De conformidade co establecido no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, admitirase con carácter excepcional, e nos supostos debidamente xustificadas e motivados polo órgano concedente, a xustificación do pago mediante recibín do provedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros, a cesión do dereito de cobro da subvención a favor dos acredores por razón do gasto realizado ou coa entrega a estes dun efecto mercantil, garantido por unha entidade financeira ou compañía de seguros.

De acordo co establecido no artigo 72 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 48.2 b) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberá acreditarse o pago das facturas incluídas na conta xustificativa mediante xustificante bancario da transferencia, ou ben

Concello de Sarria



Concello de Sarria

mediante o estampillado ou selado nas mesmas no que figure que se atopan pagadas.

e) Declaración complementaria das axudas e subvencións obtidas doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

f) No seu caso, publicidade xerada pola actividade.

g) Certificación expedida por unha entidade bancaria na que se sinala o nº de conta onde se transferirá o importe da subvención, no caso de concederse. No caso de colectivos cidadáns a conta será mancomunada con tres titulares polo menos. Dita certificación só deberá presentarse no caso de que houbera algún tipo de variación con respecto a que se teña por presentada na solicitude de subvención.

h) Declaración responsable de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como de non ter débedas pendentes de pago coa administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como coa Facenda Municipal.

i) Calquera outra documentación que poida interesarse en orde á mellor xustificación do gasto.

3. O abono da subvención, unha vez aprobada a documentación xustificativa e fiscalizada pola intervención municipal, efectuarase mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo beneficiario.

4. Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

Artigo 12.- Reintegro de cantidades.

1. A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación da subvención levará consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas.

2. Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a reclamación do interese de demora correspondente dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos sinalados no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, e en especial:

- Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o tiveran impedido.
- Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentou a concesión da subvención.
- Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da Lei xeral de subvencións, e no seu caso, nas bases reguladoras da convocatoria.
- Incumprimento da obriga de adoitar as medidas de difusión contidas no apartado 4 do artigo 18 da Lei xeral de subvencións.

Concello de Sarria



Concello de Sarria

- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da Lei xeral de subvencións, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando deles se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado ós fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacionais ou internacionais.
- Nos demais supostos previstos na normativa reguladora de subvencións.

3. A devolución de cantidades axustarase ao procedemento de reintegro contemplado no artigo 42 da Lei xeral de subvencións.

Iniciarase de oficio por acordo da Xunta de Goberno, ben por propia iniciativa, ben a petición razoada do servizo xestor de subvencións ou por denuncia. Tamén se iniciará a consecuencia do informe de control financeiro emitido pola intervención municipal, de conformidade co disposto na Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e no R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Artigo 13.- Infraccións e sancións.

1. Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei xeral de subvención e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2. O procedemento sancionador en materia de subvencións axustarase ao previsto nos artigos 54 a 58 e 66 a 69 da Lei xeral de subvencións.

A alcaldesa,

(documento asinado dixitalmente á marxe).